

# O HORTO ESCOLAR E A APRENDIZAXE INTERXERACIONAL

GONZÁLEZ LAMAS, JESÚS<sup>1</sup>; DÍAZ PREGO, CRISTINA<sup>1</sup>;  
AZNAR CUADRADO, VIRGINIA<sup>2</sup>

<sup>1</sup> *Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela.*

<sup>2</sup> *IES Plurilingüe de Ames. Bertamiráns. A Coruña.*

## 1. Os hortos escolares

A crecente importancia que se da no currículo escolar á educación ambiental e á sostibilidade promove a pescuda de enfoques innovadores que vaian máis aló da aula tradicional. Neste contexto, os hortos escolares móstranse como un recurso didáctico que ofrece un amplo abano de posibilidades para a aprendizaxe significativa e a formación cidadá (Marques Souza y Cuéllar Padilla, 2021), aliñada coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Son un contexto de aprendizaxe relevante e significativo no desenvolvemento competencial en diferentes niveis educativos (Eugenio-Gozalbo y Zuazagoitia, 2023), dende educación infantil ata formación universitaria, e na idade adulta.

Numerosos estudos, como o de Marques Souza y Cuéllar Padilla (2021) evidencian o potencial dos hortos escolares para o desenvolvemento de competencias clave, a adquisición de coñecementos científicos e a promoción de valores de sostibilidade. Por presentar un carácter interdisciplinario, permiten abarcar os contidos de moitas áreas curriculares, dende as ciencias naturais ata as matemáticas, as linguas, as artes, as ciencias sociais, etc. Son moitos os aspectos positivos que podemos destacar do uso dos hortos escolares como recurso en ciencias. Son espazos nos que o alumnado ten contacto coa natureza, polo que pode observar e interactuar cos procesos naturais e comprender as relacións dos seres vivos coa contorna. Tamén estimulan a curiosidade e a creatividade, proporcionando experiencias vivenciais, e permiten desenvolver unha conciencia crítica sobre a importancia da sostenibilidade (Vences-Martínez *et al.* 2024). Así mesmo, permiten realizar proxectos con utilidade social, nos que se poden conectar a aprendizaxe académica coas necesidades reais da comunidade. O horto, ademais, é un contexto axeitado para a resolución de problemas e a aprendizaxe cooperativa dos e das estudantes, e para desenvolver outras habilidades sociais (Rodríguez-Marín *et al.*, 2021)

Com todo, hai estudos que destacan algunhas dificultades relacionadas co traballo nos hortos cos máis pequenos (Aragón e Morilla Pérez, 2021), como o predominio dos contidos conceptuais fronte aos procedimentais e actitudinais, ou o desenvolvemento da observación como principal procedemento científico. Estes estudos sinalan a necesidade de avanzar cara a unha ensinanza das ciencias máis experimental e indagativa, e a promover estratexias máis complexas como a elaboración de hipóteses, o deseño de experimentos e a argumentación científica. A participación das familias e outros axentes da comunidade educativa parece ser un factor clave para o éxito do horto escolar.

Neste traballo presentamos algunhas das posibilidades que ofrece o horto escolar como recurso nas ciencias, explorando o seu potencial para a educación ambiental, a aprendizaxe colaborativa e a aprendizaxe interxeracional.

## 2. A nosa proposta

Esta experiencia foi levada a cabo nun centro periurbano dunha grande cidade no sur de Galicia, que ten participado en proxectos educativos relacionados coas ciencias naturais durante varios

anos. O centro dispón dun espazo duns 500 metros cadrados no que se habilitaron máis de 26 parcelas de un metro cadrado cada unha adicadas a horta escolar para cultivos ecolóxicos. Estas parcelas son utilizadas dende educación infantil ata secundaria polo alumnado do centro.

No curso 23-24, decidiuse ampliar o proxecto da horta escolar abríndoa á comunidade educativa. A iniciativa consistiu en ofrecer aos avós e avoas do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria do centro que o desexasen a posibilidade de participaren cos seus netos e netas nun obradoiro de cultivo ecolóxico. Este proxecto levouse a cabo no horario lectivo e estaba integrado nas programacións de aula. Contouse coa participación de persoas que xa tiñan coñecementos avanzados e profundos sobre o traballo na horta: moitos deles proveñen de contornas rurais, polo que non se precisou ningún tipo de formación previa. Todos estaban familiarizados co traballo nunha horta, e afeitos a traballar con métodos tradicionais.

### 3. Algúns resultados, reflexións e propostas de mellora

A participación e motivación foi moi alta tanto por parte do alumnado como por parte das persoas expertas, que manifestaron interese por seguir participando nos vindeiros cursos para darlle continuidade aos cultivos iniciados. Traballáronse contidos relacionados coas fases de preparación do horto, sementeiros, elaboración de fitosanitarios ecolóxicos, procesos como a observación, a elaboración de hipóteses, a resolución de problemas e actitudes cara a conservación do medio.

No eido organizativo, xurdiron algunhas cuestións a mellorar para vindeiras convocatorias, como limitar a oferta de participación a unha soa etapa, educación infantil, para poder harmonizar mellor os tempos e espazos.

Tamén propúxose ampliar á experiencia cun enfoque multidisciplinar a través de obradoiros temáticos como elaboración de papel reciclado, funxicidas e abonos naturais, obradoiros de pigmentos naturais, etcétera.

O horto escolar móstrase como un polo educativo para o desenvolvemento integral do alumnado. A súa implementación efectiva require unha planificación adecuada, a formación do profesorado en estratexias didácticas innovadoras e a participación activa da comunidade educativa.

### 4. Referencias bibliográficas

- Aragón, L. e Morilla Pérez, B. (2021). El uso del huerto escolar en los centros de educación infantil de la campiña Morón-Marchena. *Campo Abierto* 40(2), 187-206. <https://revista-campoabierto.unex.es/index.php/campoabierto/article/view/3851/2638>
- Eugenio-Gozalbo, M., e Zuazagoitia, D. (Eds.). (2023). *STEAM en el huerto. 10 propuestas de proyecto científico para educación secundaria*. Graó.
- Marques Souza, T. J. e Cuéllar Padilla, M. (2021). Los huertos escolares y su potencial como innovación educativa. *Enseñanza de las Ciencias*, 39(2), 163-180. <https://doi.org/10.5565/rev/ensciencias.2886>
- Rodríguez-Marín F., Portillo Guerrero M. A. y Puig Gutiérrez M. (2021) El Huerto Escolar como recurso para iniciar la Alfabetización Ambiental en Educación Infantil. *Revista Eureka sobre Enseñanza y Divulgación de las Ciencias* 18(2), 2501. doi: 10.25267/Rev\_Eureka\_ensen\_divulg\_cienc.2021.v18.i2.2501
- Vences-Martinez, J.A., Lungo-Rodríguez, A.J., Hernández-Zamacona, G., Mendoza-Ramos, J.E., Vargas-Soberanis, J. P. e Cipriano-Espino, J.D. (2024) Huerto escolar orgánico: una experiencia desde la educación ambiental en escolares de primaria. *Revista de Educación Ambiental y Sostenibilidad* 6(1), 1202. Doi: 10.25267/Rev\_educ\_ambient\_sostenibilidad.2024.v6.i1.1202